

POSTO	NOME
590117-PROCESOS DIAGNOSTICOS CLINICOS E PROCEDEMENTOS ORTOPROTESICOS/E PROCESOS SANITARIOS	
TITULARES	
POSTO	NOME
PRESIDENTE/A TITULAR	SANTOS SOLLA, JORGE L.
VOCAL TITULAR 1	LOPEZ MARTINEZ, MARIA DEL CARMEN
VOCAL TITULAR 2	FRANCO VAZQUEZ, JOSE
VOCAL TITULAR 3	RODRIGUEZ LIÑARES, MARIA GEMMA
VOCAL TITULAR 4	BILBAO SALCEDO, JOSE MARIA
SUPLENTES	
POSTO	NOME
PRESIDENTE/A SUPLENTE	POTI VAZQUEZ, ESTHER Mª BEGOÑA
VOCAL SUPLENTE 1	PTTA SIEBERT, PATRICIA

VOCAL SUPLENTE 2	SANCHEZ LUCES, RICARDO RAUL
VOCAL SUPLENTE 3	PEREZ SANMARTIN, MARIA DEL CARMEN
VOCAL SUPLENTE 4	JORRETO PEREZ, JOSE MARIA
595507 - DEBUXO ARTISTICO E COR/FOTOGRAFIA/ VOLUME	
TITULARES	
POSTO	NOME
PRESIDENTE/A TITULAR	FERNANDEZ GONZALEZ, MANUEL
VOCAL TITULAR 1	CUEVAS REVILLA, DOLORES DE LAS
VOCAL TITULAR 2	ROMERO MASIA, RAFAEL
VOCAL TITULAR 3	ALONSO OURAL, JESUS MIGUEL
VOCAL TITULAR 4	VAL GUERREIRO, NATALIA

*Resolución do 29 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño para funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no grupo B, na Comunidade Autónoma de Galicia, polas que se anuncian as datas, as horas e os lugares en que se fará a presentación dos aspirantes.*

De acordo coa base común 6.3 da Orde do 8 de maio de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 23 de maio), pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño para funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no grupo B, na Comunidade Autónoma de Galicia, estes tribunais, de conformidade coas instrucións da secretaría xeral, acordan o seguinte:

Primeiro.-O acto de presentación dos aspirantes e a proba terá lugar os días, as horas e nos lugares que se sinalan:

-Tribunal de lingua castelá e literatura/filosofía/inglés/lingua e literatura galega.

Acto de presentación:

16 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Lugar:

IES As Fontiñas, r/ Estocolmo 5, Santiago de Compostela (A Coruña).

-Tribunal de xeografía e historia/ música.

Acto de presentación:

16 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Lugar:

IES Ramón Menéndez Pidal. r/ Instituto Zalaeta s/n. A Coruña.

-Tribunal de matemáticas/física e química/debuxo e tecnoloxía.

Acto de presentación:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

18 de xullo de 2007 ás 9.00 horas

Lugar:

IES Alfonso X, r/ Río Miño 9, Cambre (A Coruña).

-Tribunal de educación física/psicología e pedagogía.

Acto de presentación:

16 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Lugar:

IES Ramón Menéndez Pidal. r/ Instituto Zalaeta s/n. A Coruña.

-Tribunal de formación e orientación laboral.

Acto de presentación:

16 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Lugar:

IES Frei Martín Sarmiento, avenida de Vigo, 23. Pontevedra.

-Tribunal de informática/intervención sociocomunitaria/navegacións e instalacións mariñas e organización e proxectos de fabricación mecánica.

Acto de presentación:

16 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Lugar:

IES Luis Seoane, r/ Luxemburgo s/n (Monte Porreiro). Pontevedra.

-Tribunal de organización e proxectos de sistemas enerxéticos/ sistemas electrotécnicos e automáticos

Acto de presentación:

16 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Lugar:

IES A Farixa, r/ Finca Farixa (Mariña Mansa). Ourense.

-Tribunal de procesos diagnósticos clínicos e procesos sanitarios.

Acto de presentación:

16 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Lugar:

IES Frei Martín Sarmiento, avenida de Vigo, 23. Pontevedra.

-Tribunal de debuxo artístico e cor/fotografía.

Acto de presentación:

16 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Proba:

17 de xullo de 2007 ás 9.00 horas.

Lugar:

Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos Pablo Picasso, r/ Os Pelamios s/n. A Coruña.

Recórdase que, de conformidade co número 6.3 da Orde do 8 de maio de 2007, a asistencia ao acto de presentación é obrigatoria e persoal e, en consecuencia, no se admitirán acreditacións nin poderes de representación.

Segundo.-A orde de actuación dos aspirantes iniciárase alfabeticamente por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra D, conforme o sorteo realizado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no ano 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 19 de febreiro). Os tribunais que non contén con aspirantes cuxo apelido empece pola letra indicada, iniciarán a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2007.

Benito Fernández Rodríguez

Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (SECCIÓN SEXTA)

*Edicto (484/2004).*

Faise saber que este tribunal, no recurso de apelación (LECN) 0003123/2006, ditou resolución cuyo encabezamento e parte dispositiva literalmente din:

«Audiencia Provincial sección sexta con sede en Vigo.

Civil.

Rolo: 3123/2006.

Procedemento de orixe: ordinario 484/2004.

Órgano de procedencia: 1ª Instancia nº 6 de Vigo.

A sección sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, composta polos maxistrados Jaime Carrera Ibarzábal, Juan Manuel Alfaya Ocam-

po e Julio Picatoste Bobillo, pronunciou no nome de El-Rei a seguinte sentenza nº 288.

Vigo, 4 de maio de 2007.

Vistos en grao de apelación, perante a sección sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, os autos do xuízo ordinario 484/2004 procedentes do Xulgado de 1ª Instancia número seis de Vigo aos que correspondeu o rolo 3123/2006, nos que aparece como parte apelante-demandados *Construcciones Alvey, S.L.*, representada pola procuradora Carmen Hermida Portela, e asistida da letrada Amaya López Míguez; Juan Alberto Álvarez Salvador, representada pola procuradora Celsa Muñoz Leira, e asistida da letrada Marta Mondéjar Otero; Francisco Barros Lamas, representado polo procurador Jesús González-Puelles Casal, e asistida do letrado Adolfo Acebal Zulueta e como parte contra da que se apela e demandante-impugnante Asemas Mutua de Seguros y Reaseguros, representada polo procurador Emilio Álvarez Pazos e asistida da letrada Patricia Álvarez Canella, e como demandados rebeldes María Paz Barreiro Fernández, Inversiones Comerciales Gallegas y María Jesús Cerviño Bouzas. É o maxistrado relator Juan Manuel Alfaya Ocampo, quen expresa o parecer da sala.

Decidimos que acollendo en parte a impugnación da sentenza promovida pola demandante e acollendo na súa integridade os recursos de apelación formulados por *Construcciones Galvey, S.L.*, Juan Albero Álvarez Salvador e Francisco Barros Lamas contra aquela sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número seis de Vigo o día 17 de novembro de 2005, condenamos a demandada, *Inversiones Comerciales Gallegas, S.A.*, a que satisfaga á demandante a suma de 10.921,41 euros, cos xuros de anticipo contados desde o día 25 de setembro de 2000, rexeitándose a demanda contra os demais demandados e recorrentes. Todo iso sen facermos unha especial declaración sobre as custas procesuais desta alzada, e imponéndolle á demandada condenada as custas procesuais da primeira instancia, padecidas pola demandante, e a esta última as custas desa primeira instancia, orixinadas aos demandados absoltos.

Esta é a nosa sentenza, que asinamos, e que se redacta en galego, consonte o establecido no artigo 3.2º e 3 da Constitución española; no artigo 5.1º, 2 e 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril; e nos artigos 1, 2, 6.3º, e 7.2º e 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia, de normalización lingüística.

Notifíquelles ás partes esta resolución, facéndolles saber que contra ela non cabe recurso ordinario ningún.

Devólvanselles os autos orixinais ao xulgado do que proceden, cun testemuño desta sentenza para o seu coñecemento e cumprimento.»

E para que sirva de notificación a Inversiones Comerciales Gallegas, apelado/s en rebeldía civil, cuyo domicilio se ignora, de conformidade co artigo 497.2 da Lei axuízamento civil, Libro o presente en Vigo, o sete de maio de dous mil sete.

Jaime Carrera Ibarzábal  
Presidente

Carmen Sobrado Prado  
Secretario